

PURA FERREÑO SAIA

Vivir sen violencia é de lei

A violencia contra as mulleres está baseada nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Esta violencia maniféstase de moitos xeitos nas relacións entre as persoas, no ámbito privado e no público e provoca danos físicos, sexuais e psicolóxicos.

Os malos tratos físicos son o expoñente máis visíbel desta situación, mais non debe ocultarnos que hai moitos outros xeitos de violentar ás mulleres:

- violencia psicolóxica que provoca desvalorización, sumisión, culpabilización, submetimento
- violencia económica: privación de recursos e privación de independencia
- violencia sexual: imposición mediante a forza ou con intimidación e en contra dos desexos das mulleres para forzar un acto sexual...

A violencia no ámbito familiar, exercida por homes vinculados en algún momento á vítima, é a que máis se recolle nas estatísticas e a que máis sinalan os medios de comunicación mais non debemos esquecer a que se produce no ámbito laboral (acoso sexual e moral), educativo e social (tolerada por acción ou omisión por parte do Estado e as súas institucións).

Para as mulleres e os homes do Bloque Nacionalista Galego o 25 de novembro é unha data de reivindicación e loita por unha Galiza sen violencia de xénero. Segundo datos do SGI (2005) o 93,4% da poboación galega manifesta que se trata de algo "totalmente inaceptable", e sete de cada 10 persoas afirman que denunciarían no caso de coñecer situacións deste tipo. Mais tres de cada catro persoas que din coñecer casos de malos recoñeceron non ter denunciado os feitos. Así mesmo un 75,4% da poboación galega manifesta a necesidade dunha maior concienciación a prol da igualdade para loitar contra esta lacra.

A mobilización e a sensibilización da sociedade debe ir seguida da resposta efectiva das institucións. É preciso deseñar políticas transversais que afecten á vivenda, ó emprego, ó urbanismo, ó transporte público...

Todo isto deberá ser recollido nunha lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero que permita actuacións inte-

grais e que sexa capaz de dar resposta rápida ás situacións de conflito. Unha lei que debe contemplar medidas nos seguintes niveis:

- Prevención e sensibilización: campañas que muden os estereotipos sexistas e incidan no rexeitamento social da violencia sobre as mulleres e de aqueles que a exercen.
- Educación: elemento imprescindible para rematarmos de xeito definitivo coa violencia sobre as mulleres. Estabeleceranse medidas que garantan un ensino non sexista, que eduque en igualdade. Teremos en conta que educa a familia, a escola e a sociedade.
- Información, asesoramento e asistencia integral. Rede de información, asesoramento e atención a todas as mulleres vítimas de maos tratos, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos, así como ao mundo rural, establecendo medidas e actuacións que prioricen a prevención.
- Protección: protocolos que contemplen pautas uniformes de actuación e procedementos de coordinación das distintas instancias que interveñen de xeito específico na atención das mulleres vítimas de violencia.
- Centros de emerxencia e de atención integral: residencias temporais especializadas para a atención, axuda e recuperación integral das mulleres e menores ó seu cargo.
- Formación e inserción laboral: facilitar o acceso das mulleres vítimas de violencia ós programas de formación priorizando a súa integración no mercado laboral.
- Prestacións económicas: consolidalas e melloralas, dirixidas a posibilitar a autonomía e independencia económica das mulleres vítimas de malos tratos, respecto do seu agresor. Así mesmo creárase un fondo de garantía para cubrir o impago das indemnizacións por danos e perjuicios.
- Acceso á vivenda: priorizárase o acceso a unha vivenda a todas as mulleres vítimas de malos tratos que non conten cos recursos necesarios,
- Formación específica en tratamento e prevención da violencia contra as mulleres as e aos profesionais de todos os sectores que entrarán en contacto directa ou indirectamente cas mulleres vítimas de malos tratos: profesionais da sanidade, xudicatura, da educación, dos corpos e forzas de seguridade, dos servizos sociais, dos medios de comunicación etc. Especial atención a formación inicial de todos estes colectivos.
- Análise e valoración: creación do Observatorio Galego contra a Violencia de Xenero encargado do estudo, seguemento e avalia-

ción permanente das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan na Galiza.

- Medios de comunicación: vixiar un tratamento axeitado das noticias sobre violencia contra as mulleres así como a imaxe que das mulleres se transmite.

Desde os organismos públicos garantirase que os medios de comunicación da súa titularidade ou que perciban axudas económicas públicas non emitirán contidos ou imaxes que atenten contra o espírito dunha lei de prevención da violencia contra as mulleres. Tamén é preciso promover acordos e convenios de autorregulación con todos os medios de comunicación achegando criterios que sirvan como pauta de actuación sobre como tratar a violencia contra as mulleres e sobre a imaxe que das mulleres en xeral se transmite.

Evitarase a difusión de contidos que, polo seu tratamento, xustifiquen ou banalicen a violencia contra as mulleres e vixiarase a difusión de mensaxes que desautoricen ás mulleres ou as traten de xeito vexatorio.

A situación de desigualdade que sustenta toda a discriminación que sofren as mulleres precisa de actuacións integrais, de políticas transversais que incidan en todos os aspectos das relacións humanas.

Todas as persoas, mulleres e homes, estamos implicadas neste proceso. Os organismos públicos artellarán os mecanismos para que este desexo de igualdade se materialice en medidas concretas: unha lei que garanta ás mulleres unha vida en igualdade e sen violencia.

•

Pura Ferreño Saia é Responsábel da Comisión Nacional de Mulleres do Bloque Nacionalista Galego. E-mail: pura.ferrenho@gmail.com.

